



Guion técnico exemplo



Tipos de programas musicais

FICHA TÉCNICA

Emisora ou grupo responsable: alumnado de 6º EP do colexio Lola Massieu

Programa: "Máis que timple *sound*"

Duración: 1 hora

Secuencia de realización

Control/realización	Sintonía apertura	8"
Locutor/a 1	Boa tarde! Un día máis desde o noso estudo no colexio Lola Massieu, emitindo para os e as amantes da música no 93.5 da fm. O programa de hoxe vén cargadiño de música para bailar e animar ao corpo. Deixate levar! Eu son Laura Betancor. E eu Rodrigo Yáñez. Estás escoitando... Máis que timple <i>sound</i> !	24"
Locutor/a 2 Locutor/a 1 Locutor/a 2		
Música 2P	Efecto corredor, <i>Imaxina</i> . Funde con voz de locución, sube a PP e sona ata acabar.	2`13"
Locutor/a 1	Comezamos o programa de hoxe cunha banda que sonou moito o verán pasado: Efecto corredor e o seu <i>Imaxina</i> .	7"
Música 2P	Efecto corredor, <i>Imaxina</i> . Funde con voz de locución ao rematar a canción.	
Locutor/a 2	Hoxe é o día mundial de <i>Star Wars</i> e, para que a forza os acompañe, imos pinchar o seguinte tema. Ana Guerra sona xa mesmo co seu novo single, <i>Tik Tak</i> , aquí, en Máis que timple <i>sound</i> !	13"
Música PP	Ana Guerra, <i>Tik Tak</i> .	2`45"
...
Locutor/a 1	E ata aquí o noso programa de hoxe. Deixámoslo agora coas noticias das 20.00 e logo máis música con Yaiza Rodríguez en "Galicia hip hop". Esperámoslo mañá á mesma hora, ás 19.00, no 93.5 da fm. ¡Disfruten!	14"

- As emisoras que basean a maioría dos seus contidos na música apostan pola **lista de éxitos ou ranking**, un formato que consiste en repasar as cancións máis destacadas do momento, facéndoas sonar de modo encadeado. Estes espazos tamén sirven para promover artistas novos e novas ou independentes.

- O **informe de artista ou programa de invitado ou invitada musical** repasa a figura dun intérprete ou banda en concreto, alternando as súas cancións e obra con pezas máis informativas (entrevista, noticia, reportaxe...).

- O **musical especializado** baséase nun estilo concreto de música (blues, pop, rock, jazz, clásica...). Nel, xunto coas cancións, ofrécese información de concertos ou novidades discográficas.



O programa musical

Que é?



Os contidos musicais inundan a programación radiofónica, ben sexa en programas especializados ou outros que combinan música e información.

A programación musical é aquela na que a música é a protagonista, non a información. O éxito dos programas musicais garda relación cos sentimentos que xera a música na audiencia, polo que os contidos diríxense a un tipo de oínte moi específico: música clásica, folclórica, instrumental, infantil, pop, jazz, rock...

O programa musical caracterízase por ser oído máis que escoitado, xa que non require tanta atención e esforzo por parte da audiencia.

Xunto cos seus contidos musicais, os programas adoitan introducir información (breves noticias) e curiosidades (contidos máis desenfadados e lixeiros).



Obxectivo

A programación musical busca entreter e conectar coa audiencia a nivel emocional. Tamén pode ter un fin informativo se o programa inclúe noticias sobre música, entrevistas a artistas ou curiosidades.



Elementos chave

- A base de calquera programa musical é, obviamente, a **música**. A súa selección é moi relevante e debe adecuarse ao público obxectivo.
- Xunto coa música, o **papel do condutor ou condutora** do programa é fundamental para conectar cos e as oíntes. Debe coñecer o estilo ou estilos musicais, intérpretes, discografías... Trátase dun formato especializado, polo que ademais de bo gusto, a audiencia espera que teña coñecementos. Pode actuar como reforzo do lanzamento de novos temas ou artistas, simple acompañamiento para a audiencia, ou como especialista musical que informa e ofrece crítica.
- A rotación e **repetición** do contido musical é constante. O nivel de popularidade do ou da artista marca a cantidade de veces que sona.
- Un **son característico** e identificativo é necesario para diferenciarse da competencia. Necesítase unha realización e produción coidadas e coherentes (ráfagas, sintonías, cortinillas, efectos...)



PAUTAS PARA ELABORAR UN PROGRAMA MUSICAL

- Úsase un estilo de locución informal.
- Debe ter ritmo e fluidez.
- Pensar no público obxectivo (gustos e idades) axuda para establecer estilos e formato.
- A participación da audiencia para pedir cancións contribúe a fidelizar.



A RADIOFÓRMULA, O FORMATO ESTRELA

A radiofórmula musical é un dos formatos máis exitosos da radio. Consiste na repetición periódica e concatenada de cancións ao longo dun programa ou espazo.

O locutor ou locutora debe ter soltura para improvisar e pode chegar a adquirir gran protagonismo. Adoita presentar os temas nos primeiros segundos da canción, a *intro*.

Existen múltiples tipos de radiofórmulas musicais. Algúns son:

- **Hits** contemporáneos: público xuvenil, cancións populares. Ten moi presente o fenómeno fan e a locución é estridente. En España, o principal exemplo son “Os 40”.
- **Adulta** contemporánea: mestura éxitos dos últimos anos con actuais. A locución é máis neutra.
- **Hits** clásicos: pinchan éxitos antigos (anos 80).

- **Clásica**: música formal (ou culta), concertos, óperas... En España son públicas, chegan a unha audiencia minoritaria.
- **Urbana** contemporánea: estilos menos comerciais como o *blues*, el *jazz* ou a música de baile.



Como?

1

Decide o formato do programa. Magacín, *ranking* musical, programa de invitado ou invitada musical, de informe de artista, musical especializado...

2

Pensa na túa audiencia. A quen se dirixe o programa? Deste modo decidirás o tipo de música que queres emitir: pode ser un único estilo ou varios, pode ser dunha época determinada...

3

Inclúe información útil. Datos de concertos, novidades discográficas, datos de biografías de artistas e grupos, curiosidades varias...

Canarias ruido, en Canarias

Radio Anda Xa, nos 40



EXEMPLOS